

Iª CARREIRA POPULAR POR PARELLAS

“DE DOUS EN DOUS”

11/04/2015 DE CARBALLO

O Club Atletismo Carballo, en colaboración co Concello de Carballo organiza a Iª Carreira Popular por parellas “DE DOUS EN DOUS” que se celebrará o vindeiro 11 de Abril do 2015. Esta proba, terá un **carácter solidario** á favor dos máis desfavorecidos e **será nocturna. Proba oficial da F.G.A.**

CIRCUITO:

Terá unha distancia aproximada de 5.000 m. orientativa e non homologada nun circuito urbano de 1.000 m. A saída de tódalas probas estará na rúa Gran Vía á altura da rúa Álvarez de Sotomayor.

INSCRIPCIÓNS:

- 1º.- Faranse a través de (<https://championchipnorte.com>)
- 2º.- As inscricións cerraranse unha semana antes da proba.
- 3º.- Serán gratuitas para todas as categorías, coa opción **“non obrigatoria e solidaria”** de entregar un paquete de comida non perecedeira ó recoller o dorsal en beneficio de ??????????.
- 4º.- A recollida de dorsais farase no primeiro andar do Mercado Municipal de abastos da praza do Concello de Carballo a partir das 16:00 h. do día da carreira.

REGULAMENTO:

- 1º.- Os corredores de tódalas categorías levarán ben visible o dorsal no peito, e na categoría de adultos disporán de chip.
- 2º.- Para os adultos, haberá unha alfonbra contavoltas pola que terán que pasar para non ser descalificados.

Nesta categoría terán que correr por parellas (masculinas, femininas ou mixtas) e atadas por unha cinta no pulso que se entregará xunto co dorsal.

- 3º.- O percorrido quedará aberto ao tránsito de vehículos unha hora despois de entrar en meta o primeiro corredor.
- 4º.- As reclamacións deberán ser presentadas aos xuíces árbitros non máis tarde de 30 min. despois da publicación dos resultados.
- 5º.- Todo o non disposto na presente normativa, rexeráse polas normas de competición da F.G.A. e a R.F.E.A da presente tempada.
- 6º.- Tódolos corredores que participen na proba, aceptarán o regulamento e serán responsables dos danos que provoquen durante a mesma.
- 7º.- Tódolos corredores estarán amparados por un seguro de responsabilidade civil, excluídos os casos derivados de padecemento previo, imprudencia ou negligencia. Quedarán excluídos os casos por accidentes “in itinere”. Non se permitirá a entrada a ningún vehículo no percorrido alleo á organización.
- 8º.- A organización disporá de **SERVICIOS MÉDICOS E AMBULANCIA** durante tódalas probas. Poderán asimesmo retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico.

9º.- Os deportistas inscritos comprométense a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación. Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeos nin estará amparada polos seguros da proba.

HORARIOS, CATEGORÍAS E DISTANCIAS:

19:45	PITUFO	2008 e posteriores	150 m.
19:55	BENXAMÍN	2006-2007	800 m.
20:05	ALEVÍN	2005-2004	1000 m.
20:15	INFANTIL	2003-2002	2000 m.
20:30	CADETES	2001-2000	3000 m.
20:50	DISCAPACITADOS	Sen límite de idade	150 m.
21:00	POR PARELLAS	1999 e anteriores	5000 m.

ORGANIZA:



COLABORA:



